



Consello de Galicia

Buenos Aires, marzo 24 de 1958.-

Señor
D. César Alvajar Diéguez
Rúe D'Asas 78
París VI

Querido Alvajar:

Fai un tempo recibimos a túa carta na que nos falabas da dura operación que sufriches, da que, nos decías que saíras ben, e que xa estabas en plena convalecencia. Como dende aquela non volvemos á ter carta túa, a pesares de quedar pendentes da túa resposta algúns aspectos e matices da tua representación en París, non che remitimos aínda as credenciais do Consello de Galicia, nin fixemos as comunicaciós o Goberno Republicano nin ó vasco e ó catalán agardando as túas indicacións; fixéronse, sí, as da Irmandade ós partidos e organizacións que aítúan en Francia comunicándolles o teu nomeamento.-

Estamos moi preocupados, antes que nada, pol-a túa saúde, sabendo como sabemos o delicadas que son tales doenzas. Ademais queremos que nos digas con franqueza de irmíns, se por causa d-eso, tés agora algunha dificultade económica urxente, pra tratar de axudarche a resolvela dende aquí o antes posibel.-

Tamén nos preocupa a posibilidade -pensa mal i-acer-tarás- de que topases ahí con "dificultades políticas" ou diplomáticas nos preliminares da túa aituación. En tal caso, díno-lo con toda franqueza pra nos aituare eiquí en consecuencia. Eiquí, en Buenos Aires temos unha posición moi forte, tanto pol-o número como pol-o fervor republicán e galeguista das nosas xentes, entr-as cuales foi moi ben acollido o teu nomeamento. O Consello recibiu cartas de distintos lugares de América aprobando e aplaudíndo a túa desafiación, entre elas unha moi cordial de Emilio González López, de Nova York, facendo de tí complida gabanza.-

En previsión, das posíbels "dificultades" de que che falaba, e pra fortificar a túa aituación en París, tivemos entrevistas cos vascos e cos cataláns eiquí en procura da súa opinión e do seu apoio. Fumos moi ben recibidos. O Delegado do Goberno Vasco, moi entusiasmado, quedou de comunicarse enseguida co seu goberno encol do tema. Os cataláns -cuios problemas deben de andar algo difíciles- non teñen aquí delegado oficial do seu goberno. Representao un Consello Superior de entidades catalanas que tamén nos acolleron moi cordialmente e quedaron de comunicarse coas suas autoridades de París.-

Mentras tanto, o Consello de Galicia está asistindo



en pleno a sesións especiais das Diretivas das principais entidades que o asesoran e apoian, dándolles contas reservada e circunscrita, do teu nomeamento e da importancia que esto ten pra Galicia, en víspera dos acontecementos que se agardan na Península. Todo elo, con certo hálito de conspiración e de misterio, de otimismo e de esperanza.-

Até agora os nosos informes foron acollidos con fervor, e con entusiasmo. Tanto que, sin ter aínda resolto o aspecto económico permanente da Delegación, coidamos que se poida resolver axiña con aportes que temos en vista.-

O Consello coida que un dos pasos políticos mais importantes dados nos derradeiros tempos, foi o teu nomeamento, no sentido de que Galicia estea presente en canto se faga pra derrubar ó réximen, e así como nos primeiros intres que veñan despois. Alegando, aprobando ou tachando, pero presente. Por eso estamos dispostos a traballar de firme á tua veira, tal como tí nos indiques e coides mellor; e por eso agardamos sempre as túas noticias.-

--- ---

Imaxínote enterado de que estou mantendo co teu fello Xavier interesantísima correspondencia. Cando tí estabas enfermo escribíunos no teu nome ofrecéndose a traballar con nós en servizo de Galicia, decíndonos que o facía convencido de que servía o seu país, entendendo por seu país únicamente Galicia. A declaración impresionounos moito e estamos convencidos de que a súa colaboración ha de sernos valiosísima. Ahí e nada -como lle dixen a él- un coruñés con axilidade mental que da o mar da Cruña. Perseguido alí, convivindo cos nosos aldeans e oureado logo e aireado da europeidade de París. Unha verdadeira adquisición pra nosa causa.-

Como xa che dixera a tí unha vez, nós temos conexións con un grupo de Galicia, que aínta moi ben no órden intelectual e cultural en Compostela i-en Vigo en torno a "Galaxia", pero tememos que en política teña unha posición pasiva, cuáseque nihilista de "nin esto nin aquilo", sin poñer nada entre isto i-aquilo. Pol-o de pronto non sabemos nada da Cruña i-a mín obsesióname a Cruña como núcleo vivo da política galega. Encol d-esto escribínlle o teu Xavier e estou agardando as súas noticias. Díxenlle e confírmochos a tí que estamos dispostos a estimular e axudar dende eiquí por intermeio d-el ou como él nos indique. Ben sexa axudando a algúns núcleos xa formados ou que se formen, sempre que sexan de toda confianza política pra Galicia.-

--- ---

Acaba de chegar aquí Julián Gorkín. Leva dadas varias conferencias moi interesantes. O sábado falará no Centro Repu-



Consello de Galiza

blicano sobre o tema do "reencuentro de los españoles". Coñezo a Gorkín dende cando él era periodista i-eu Diputado das Constituín-tes, despóis falei con él en México i-en Chile. Ten talento, es-cribe e fala moi ben. En fin, xa che farei resumen do que dixo....

¿Recibiches libros de Galaxia? Coido que sí pois fai xa tempo que lle dimos órden de que che mandasen "material" pol-a nosa conta. E nada máis. Seguimos agardando noticias túas. Nosos saúdos a Xavier, e pra tí, de todos nós, unha aperta,

Ramón Suárez Picallo

Ramón Suárez Picallo

Federico Lacroze 4086
Buenos Aires-Argentina